

21 INTENTOS DE CONVERSA (PEQUENA NOVELA POR ENTREGAS)

As reunións de veciños celébranse no garaxe, porque é o único lugar do edificio no que hai espazo para todos. Atópanse os representantes de cada piso distribuídos polo espazo. Algúns levaron cadeiras para sentar, pois saben que as reunións poden chegar a durar horas. Eladio de Fisterra sitúase no centro da acción.

ELADIO DE FISTERRA: Por favor, pídovos que *ghardedes silencio...* Comesaremos en breve...

DOUTORA: O que eu dicía... pero ninguén escoita as miñas suxestións... Claro que se escoitan as de moitos outros!

AVÓ: Bo día!

SEÑORA DA VENTÁ: E quen é? Vive aquí?

AVÓ: Eu tampouco fago distinción de vostede... Son o pai da do terceiro, un gusto!

SEÑORA DA VENTÁ: Pero vostede ten permiso para estar na reunión? Isto é privado!

ARGEMIRO: Tampouco é que se vaia desvelar *ninghún* segredo de Estado, Remedios!

LOURA: Si, bueno, a verdade é que *collí* un cabreo... pero agora xa o vou solucionar todo..., non tiña que enfadarme tanto...

DOUTORA: Pero bueno! Claro que te podes enfadar, que é unha irresponsabilidade...

SEÑORA DAS CARTAS: E imos ver, non *valla* ser que todo isto *seña* para desviar a atención da partida...

SABELA: Si, ho, e tamén para ocultar o caso do Deportivo-Fuenlabrada.

EVA: Oe! Ollo co "Depor!"

ELADIO: Por favor, xa sei que estades *mui* alterados!

CAROLINA: Eu *hoje* teño que dar-me présa, Xan, que se non, *chegho* tarde ó traballo...

XAN: Si, non creo que discutamos nada interesante...

CAROLINA: Lembra estar atento por se din *algho* da nova norma esa...

FERROLANO: Pero, ti, *logho* en que traballas?

ELADIO: *Mui* ben, todos atentos!

EVA: Veña, centrémonos todos!

Eva e Sabela son as encargadas de elaborar as actas das reunións.

SABELA: De acordo, comezamos a reunión. Como sempre, empezaremos escoitando as propostas dos pisos máis baixos e iremos subindo...

SEÑORA DA VENTÁ: E por que dos pisos máis baixos?

CAROLINA: Sempre *fazemos* así...

LOURA: E se cambiamos a orde?

SEÑORA DA VENTÁ: Os outros tamén temos queixas...

EVA: Son propostas...non... bueno, da igual.

ELADIO: Abre a reunión! *Comesamos* polo primeiro A! Ten *algho* que falar, dona Sara?

DONA SARA: E vaia se teño! Miren que hai *vecius* que son como *animales*!

SEÑORA DA VENTÁ: Protesto!

ELADIO (sobresáltase): E *logho*?

DOUTORA: Pero que clase de chafallada é esta? Que protesta?

SEÑORA DA VENTÁ: Vaime acusar! Seino! E déixenme dicirlles que non deben xulgar antes de escoitar a miña opinión.

DONA SARA: Isto non é cousa de *opiniois*, dona Remedios!

AVÓ: Pero non nos deixen coa intriga! Que pasou?

DONA SARA: Miren *ustedes* o que lles vou contar, porque ten conto. Puxen a semana pasada a alfombra secar na terraza, estaba na cociña, e oíu un golpe. Saíu, e está o gato da Remedios na alfombra! Chama ao timbre, abro, pídeme, collo o gato e ela lisca correndo...e eu que atopo? Todo mexado! Quedou estropeada a tea!

SEÑORA DA VENTÁ: Non é tanto! Quere que lle pague unha nova? Se é iso...

DONA SARA: E o outro día... estaba tendendo a roupa... que a min me leva un cacho... e porque tiña comida ao lume e tiven que entrar correndo que se non... quedo alí escangallada...

SEÑORA DA VENTÁ: Bueno, home, bueno...

DONA SARA: Acababa de poñer o pé na cociña cando oín como caía a súa ventá no patio! E rebentou con todo!

AVÓ: Pero que me di!

DOUTORA: Ai, iso si que é grave, habería que mirar todas as ventás do edificio, non vaia ser que houbera algún fallo na construción...

DONA SARA: Como hai que ser! Cáenselle os trapos, o gato... e agora que non podía caer máis nada vai e *cai* a ventá!

ELADIO: Pero iso xa se mirou, non si?

DONA SARA: Mirouse.

SABELA: Entón... que quería expoñer?

DONA SARA: Máis nada.

DOUTORA: Podemos, por favor, seguir co importante?

ELADIO: *Seghimos*.

DOUTORA: Propoño, por unha banda, pintar de novo a fachada do edificio...

EVA: E por que é iso unha prioridade?

DOUTORA: Levamos anos sen pintar o edificio! Está noxento! E por non falar dos timbres... o outro día quedou o meu encallado, case perdo un paquete importante!

DONA SARA: Pois ben que lle funcionaba ao fontaneiro...

AVÓ: A quen, ho?

DONA SARA: É igual...

DOUTORA: Todos estes elementos son cruciais para o benestar do edificio...

ELADIO: Ben... *Fasemos unha votación, logho?*

DOUTORA: Agarda, Eladio! Teño aquí unha pequena programación, unhas corenta páxinas, dos plans que quero votar hoxe... poden ollalas na pausa e votar despois?

ELADIO: Pois non pensaba eu *faser* pausa...

CAROLINA: Podemos rematar isto canto antes?

AVÓ: E ao mellor ven ben unha pausa despois, que axuda a aclarar as ideas!

SEÑORA DAS CARTAS: Non sei eu...

ARGEMIRO: Pero que pausas! Non fastidies, vello, que nin sequera es do edificio!

SEÑORA DAS CARTAS: Pois claro que fai falla pausa! Aquí, tan apresurados, non sei se podemos decidir como é debido! Se *tu* non queres tomalo en serio, non votes!

XAN: Oíde, de verdade, non é preciso tardar tanto...

EVA: Esperamos e ao final votamos a proposta de Elena! Algunha queixa do segundo A ou B?

FILLO DA VELLIÑA: Non.

CAROLINA: Podemos darnos présa?

LOURA: Eu teño!

SABELA: *Tu* es do sexto...

LOURA: Pero é sobre o segundo! Cal é o teu traballo? Refírome...

EVA: Ímonos deixar de parvadas! Alguén ten queixas no terceiro?

AVÓ: Miren, eu veño en representación da familia... Que son xente moi ocupada e non poden aturar estes asuntos...

SABELA: Cal é o...

AVÓ: A verdade... si que son un pouco antipáticos...

EVA: Transmitíronlle algunha queixa?

AVÓ: Non, é miña... mire... eu vin o outro día un suco fronte ao portal e case tropeza a miña neta. É moi perigoso, xa llo dixen, pero si se puidese tapar...

SABELA: Faremos o que poidamos, pero o dominio que temos sobre as rúas non é...

AVÓ: E poderían tamén, isto non sabía se... Poden facer o favor de colocar un ordenador común, aquí, no vestíbulo que... así todos poden entrar no “interné”...

DOUTORA: Pero vostede non ten vergoña!

FILLA DOS FERROLANOS: E logo, por que non? Podemos ter un aparello de uso común.

ARGEMIRO: Que é o “interné”? A min que non me mareen...

ELADIO: Bueno, bueno...

DOUTORA: Pretende aproveitarse de todos, non o creo...

EVA: Pero para que precisa...

AVÓ: Xa sabe, para os partidos e estar un pouco en coñecemento do que pasa no mundo, que un é vello e hai que informarse, que se non acabamos como os burros...

LOURA: É posible que nos beneficie a todos, así reducimos a desigualdade, como unha cafetaría...

DOUTORA: Igualiño! O edificio e a cafetaría! Pero non pensan?

EVA: De acordo, imos votar.

SABELA: Espera! Non sei se se pode...

DOUTORA: ...unha persoa que non é deste edificio! Que cara!

Sae o voto da maioría favorable.

ELADIO: Ben... un descanso, mellor, non, *rapases?*